



Expte: 101.493/210

REQUISITOS PARA A TRAMITACIÓN DE EVENTOS E FESTAS POPULARES. GUÍA INFORMATIVA.

Trala entrada en vigor da lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que modifica a lei 9/2013, de de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia, as solicitudes relativas á tramitación de eventos e festas populares presentadas a partires do 2 de xullo de 2018 (data de entrada en vigor da lei) terán que axustarse ás seguintes esixencias, de carácter xeral, e que se fan indicar para coñecemento dos distintos solicitantes sen prexuízo do exame particularizado que requira cada evento en función do lugar de emprazamento proposto, das datas de celebración e das propias circunstancias que concorran en cada caso.

PRIMEIRO.- NECESIDADE DE AUTORIZACIÓN EXPRESA.

A ocupación temporal do sistema viario público para a celebración dun evento ou festa popular está suxeito ao control e autorización previa deste departamento municipal, de acordo coas competencias que esta Administración local ostenta no tocante ás funcións de tutela e actos de ocupación dos sistemas viarios e espazos de uso público da súa titularidade, así como en materia de seguridade cidadá, ordenación do tráfico de vehículos e de persoas en vías urbanas e en materia de espectáculos públicos, e que así veñen establecidas polos artigos 25 e concordantes da Lei 7/1985, de 2 Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 80 e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia, 75 e concordantes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, 6, 84 e 85 da lei 33/2003 de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, 7, 12 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor e seguridade vial, 41 da lei 9/2013, de de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia, 5.4 e 27 da Lei orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, artigos 5, 24 e concordantes da lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, artigos 9 e 53 da Ordenanza reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa (Aprobada definitivamente polo pleno do concello na súa sesión de 28 de outubro de 2013 (BOP nº 235, del 9 de decembro de 2013) e anexos modificados por resolucións da Vicepresidenta da XMU de datas 20 de xaneiro do 2014 (BOP nº 53, do 18 de marzo de 2014), 6 de marzo de 2014 (BOP nº 103, do 30 de maio del 2014) e 12 de novembro de 2015 (BOP nº 2, del 05 de xaneiro de 2015)), e demais normativa de concorrente aplicación.

SEGUNDO.- SOBRE A MONTAXE DE INSTALACIÓNS DESMONTABLES CO GALLO DA FESTA OU EVENTO.

Consonte ao disposto nos Artigos 9 e 53 da Ordenanza reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa a autorización de ocupación do dominio público será requisito previo para a obtención do título habilitante das instalacións desmontables que se localicen no recinto.

De conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia, engadida pola disposición derradeira primeira da lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ("Festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños/as ou por comisións de festas"), cando o evento autorizado prevea a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable ou a licenza a que se refiren os artigos 40 e 42 *quinquies* da lei, esta será presentada ou solicitada pola persoa titular da instalación.

Segundo o disposto no artigo 40.2.c) da lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a montaxe de estruturas non permanentes desmontables requirirá, con carácter xeral, dunha **DECLARACIÓN RESPONSABLE** asinada polo titular da instalación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/06/2018 08:10

Páxina 1 de 6

Expediente 101493/210

CSV: 29E354-ACCA88-82B6AA-E2TCP4-AT51YP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Exceptúanse do réxime de declaración responsable as barracas de tiro con escopetas de aire comprimido, que, por razóns de seguridade requirirán de autorización expresa desta Administración municipal de conformidade co disposto no artigo 41 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia en concordancia co artigo 149.5º do **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas.**

Do mesmo xeito, exceptúanse do réxime de declaración responsable, sendo necesaria a obtención dunha LICENZA expresa, segundo o disposto no artigo 41. d da Lei 9/2013, a montaxe de calquera instalación, aínda que sexa de carácter non permanente e desmontable, cando a celebración do espectáculo ou actividade recreativa exercida dentro da propia instalación deba dispoñer dun plan de autoprotección ou estudo específico, isto é, cando a instalación desmontable albergue unha ocupación igual ou superior a 2.500 persoas ou a altura de evacuación da instalación sexa superior a 28 metros (Anexo I , epígrafes 1 letra d) y epígrafe 2 letra d) do RD 393/2007, en concordancia co Anexo I epígrafe 1, letra d) e epígrafe 2 letra g) do Decreto 171/2010, de 1 de outubro).

TERCEIRO.- GUÍA DE TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES.

1º.- PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE.

Coa antelación suficiente da celebración do evento (MÍNIMO 1 MES), o organizador deberá presentar a correspondente solicitude, dirixida á Concellería delegada da área de seguridade e mobilidade.

Todas as solicitudes deberán vir cumprimentar cos seguintes datos:

- a) Nome e apelidos do interesado e, no seu caso, da persoa que o represente, así como a identificación do medio preferente ou do lugar que se sinale a efectos de notificacións.
- b) Identificación do evento para o que se solicita a autorización, con expresa indicación das datas de celebración, achegando un plano indicativo do espazo acoutado onde se celebrará.
- c) **PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL.** De conformidade co disposto no artigo 8 da lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, o organizador do evento **deberá contratar un Seguro de Responsabilidade Civil** que cubra a responsabilidade civil que sexa imputable, directa, solidaria ou subsidiariamente, ás persoas organizadoras do evento, de tal forma que cubra os danos persoais e materiais e os prexuízos consecutivos ocasionados ás persoas usuarias ou asistentes e a terceiras persoas e aos seus bens, sempre que os ditos danos e perdas sexan producidos como consecuencia da realización do espectáculo público ou evento, así como da actividade do persoal ao seu servizo ou das empresas subcontratadas.

A vixencia do seguro terase que manter durante o tempo en que se desenvolva o espectáculo público ou a actividade recreativa. A falta de seguro poderá comportar o peche do establecemento e a suspensión inmediata do espectáculo público ou da actividade recreativa

A vixencia da póliza de seguro deberase acreditar mediante un exemplar da póliza e do recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou de copia deles. Ambos os documentos poderán ser requiridos en calquera momento polo persoal funcionario dos órganos da Administración competente encargados de realizar as actuacións inspectoras, instructoras ou sancionadoras. Consonte ao previsto no apartado 3º da Disposición transitoria terceira da lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, o capital mínimo da póliza de seguro de espectáculos públicos e actividades recreativas, mentres non se produza o correspondente desenvolvemento regulamentario, referido á realización de espectáculos públicos ou actividades recreativas en espazos abertos ao público, non delimitados e de capacidade indeterminada, será de **600.000 euros de capital asegurado** nos supostos en que se exixa licenza ou autorización, como é o caso, por tratarse dunha autorización de carácter demanial.

- d) Lugar e data.
- d) Sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio

Antes da emisión da autorización, o promotor deberá achegar igualmente **un aval**, na contía que expresamente se indique polos servizos técnicos do Concello, para responder dos posibles danos que se poidan ocasionar ao dominio público ou ao material de sinalización propiedade do Concello.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/06/2018 08:10

Páxina 2 de 6

Expediente 101493/210

CSV: 29E354-ACCA88-82B6AA-E2TCP4-AT51YP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

2º.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NO DEPARTAMENTO DE SEGURIDADE E MOBILIDADE UNHA VEZ CONCEDIDA A AUTORIZACIÓN PARA PROCEDER Á OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLIC, E ANTES DO INICIO DO EVENTO.

Unha vez concedida a correspondente autorización deste Departamento, **e con carácter previo á celebración do evento**, deberá presentarse no Concello de Vigo a documentación que de seguido se relaciona:

1.- DECLARACIÓN XURADA do promotor do EVENTO onde conste **(a)** que coñece e acepta os termos da autorización concedida para a celebración do evento, **(b)** que se compromete ao cumprimento dos distintos condicionados aos que se supedita a validez e eficacia da autorización e **(c)** a relación das distintas instalacións e atraccións desmontables que, se se-lo caso, vaian a localizarse dentro do recinto autorizado, e que todas elas contan coa autorización da entidade organizadora do evento. ([MODELO CONCELLO DE VIGO](#))

2.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN segundo Decreto 171/2.010 e RD 393/2007 polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección cando o aforo previsto durante a celebración da festa ou evento popular supere os 20.000 persoas (sen prexuízo dos planes de autoprotección específicos que puideran seren esixidos, consonte á lexislación sectorial aplicable, para cada instalación eventual ou desmontable que puidera chegar a colocarse no recinto, nos termos indicados nos fundamentos legais que figuran transcritos ao corpo desta resolución). De non ser necesario o Plan de Autoprotección, deberá contar cun **Plan de Emerxencias** segundo art. 42.2 letra b) de la Lei 9/2013 del emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Neste *Plan de Emerxencias* ou, no seu caso, de *Autoprotección*, deberá incluír un plano onde se indique a localización do evento indicando:

1.1.- A superficie ocupada para determinación do aforo a razón de 4 persoas/m²

1.2.- As rúas con necesidade de reserva de aparcamento ou con cortes parciais/total de tráfico coas datas e horarios de peche.

1.3.- Listado indicando os distintos postos tanto de venta como atraccións fixas e móbiles para a súa localización e control.

3.- DECLARACIÓNS RESPONSABLES de cada unha das estruturas non permanentes desmontables onde conste **(a)** nome, apelidos e dirección do solicitante, **(b)** descrición da instalación desmontable, **(c)** que dispón da documentación que acredita que cumpre tódolos requisitos establecidos en la normativa vigente para o exercicio da actividade, **(d)** que dispón dun Seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 150.000€, de conformidade co previsto na disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, para responder dos danos persoais e materiais e os prexuízos consecutivos ocasionados ás persoas usuarias ou asistentes e a terceiras persoas e aos seus bens, **(d)** que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito exercicio. **(e)** Declaración de conformidade do fabricante CE ou proxecto técnico asinado por técnico competente, **(f)** conta cun Certificado de revisión anual que inclúa a revisión e mantemento dos elementos mecánicos de funcionamento (sistema pneumático, eléctrico, hidráulico, combustión...) así como dos elementos da estrutura en movemento asinado por técnico competente, **(g)** designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación. ([MODELO CONCELLO DE VIGO](#))

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, así como a non presentación da declaración responsable ou da documentación requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das posibles responsabilidades penais, civís ou administrativas.

O titular da instalación, unha vez montada, deberá estar en posesión da correspondente **certificación ou actas de verificación ou de control** de funcionamento e de revisión, que deberá ser exhibida a requirimento dos axentes da autoridade.

As instalacións de equipos INCHABLES (Equipos de xogo destinados a ser utilizados por nenos de catorce anos ou menos baseado no subministro de aire continuo para manter súa forma, na cal ou sobre a cal os usuarios poden xogar, botar e/ou deslizarse) requirirá, para súa posta en funcionamento, a posesión de documento acreditativo do fabricante do inchable (non da empresa) onde se especifique: **a)** o número de serie do inchable, **b)** seu nome ou denominación e, **c)** un texto acreditando que cumpre a normativa de construción do mesmo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/06/2018 08:10

Páxina 3 de 6

Expediente 101493/210

CSV: 29E354-ACCA88-82B6AA-E2TCP4-AT51YP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Non se pode alugar os inchables sen persoal cualificado da empresa contratada para vixiar súa correcta instalación e controlar e responder en tempo e forma ante calquera continxencia. Cando un inchable quede desatendido, débese desinchar, e débese desconectala fonte de enerxía.

CUARTO.- CONDICIÓN XENÉRICAS (i) ÁS QUE SE SUBORDINARÁ A EFICACIA DAS AUTORIZACIÓNS . RÉXIME DE OBRIGAS DO PROMOTOR

1º).- De conformidade co disposto no artigo 8 da lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, o organizador do evento **deberá contratar un Seguro de Responsabilidade Civil, nos termos antes expostos.**

2º).- Salvo que figure expresamente recollido nas condicións da autorización, esta non habilitará para utilizar as acometidas de auga, electricidade ou demais servizos municipais.

•O subministro eléctrico deberá solicitala acometida eléctrica a empresa subministradora ou contar cun grupo electrógeno.

•Para a acometida de auga e saneamento deberá solicitar punto de de subministro e punto de vertido a empresa concesionaria.

3º).- No caso de que a ocupación do dominio público comporte a instalación de equipamentos eléctricos é de cumprimento a INSTRUCCIÓN 2/2018, de 26 de marzo, da Dirección Xeneral de Enerxía e Minas, sobre instalacións eléctricas temporais de baixa tensión, polo que o titular/organizador do evento é o responsable de que tódalas instalacións eléctricas presentes sexan realizadas por empresas instaladoras habilitadas para instalacións eléctricas de baixa tensión. O titular/organizador deberá solicitar ao instalador una copia do certificado da instalación rexistrado trala execución da mesma e antes da súa posta en servizo con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou, como prolifera actualmente, mediante un grupo electrógeno, entendéndose non autorizado este evento se non se dispón do mencionado certificado.

4º) Serán de obrigado cumprimento as "Normas Xerais sobre a utilización de espazos públicos" aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003.

5º).- Deberá dispoñerse dun servizo de limpeza para a recollida de restos que poida xerar o evento, incluso durante a celebración do mesmo se fose necesario, co obxecto de garantir que o espazo público obxecto desta autorización quede nas mesmas condicións que antes do seu uso. No seu caso debera contratar un xestor autorizado para a recollida de residuos non asimilables a urbanos.

6º).- Os vehículos de **MMA maior de 10 Tm** solicitarán neste Departamento de Seguridade e Mobilidade RESERVA DE CARGA DESCARGA e LICENZA DE CIRCULACIÓN presentando copia do Permiso de Circulación e Ficha Técnica.

7º).- No caso de necesidade de **reservas aparcadoiro**, con 48 horas de antelación sinalarase con valados e sinal R307 as marxes da rúa ou perímetros do aparcadoiro para impedir o estacionamento, de xeito que se garanta en todo momento o máximo número de carrís libres para a circulación de vehículos. Logo de sinalizar avisará á Policía Local para dar conta da reserva de aparcamento. Teléfono 986810101

8º).- Coidaranse especialmente os aspectos de seguridade, estética e hixiene da entorna afectado, que deberá estar sinalizada e balizada axeitadamente, día e noite, conforme á normativa vixente en materia de circulación e seguridade.

9º).- A Policía Local velará polo estrito cumprimento das normas establecidas e garantirá os mínimos imprescindibles de seguridade viaria, de tal xeito que o incumprimento das medidas de seguridade e protección ordenadas polos axentes da autoridade poderá motivar a paralización do evento.

10º).- Como entidade organizadora das festas e responsable da súa celebración, lémbraleslle do deber legal que lle incumbe en orde á garantir o debido cumprimento dos condicionados aos que se subordinou o ditado da autorización que foi concedida para a celebración deste evento, o que comporta a obriga de velar polo cumprimento, entre outra normativa de preceptiva aplicación, das determinacións contida na vixente ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos (BOP nº 246, de 27 de decembro de 1995), debendo lembrar, a estes efectos, que consonte ás previsións desta ordenanza resulta prohibida a localización dos postos de venda en accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais ou industriais nin diante dos seus escaparates ou exposicións ou naqueles lugares nos que se dificulten tales accesos ou a circulación peonil, de tal xeito que as infraccións que poidan producirse nesta materia poden quedar suxeitas ao réxime sancionador correspondente.

11º).- O exercicio da actividade a desenvolver no dominio público deberá realizarse sen invadir, pisar ou amontoar materiais nas zonas verdes, quedando prohibido o acoramento de elementos de fixación das



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/06/2018 08:10

Páxina 4 de 6

Expediente 101493/210

CSV: 29E354-ACCA88-82B6AA-E2TCP4-AT51YP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

instalacións ou dos seus elementos accesorios mediante elementos punzantes no pavimento da calzada ou na beirarrúa, como tamén o emprego de calquera elemento de sustentación ou apoio sobre o arboredo e elementos de vexetación existentes.

12º).- O titular da autorización resulta obrigado a conservar en perfecto estado de salubridade, hixiene e limpeza o dominio público municipal ocupado e á reposición de todos os danos que poidan ocasionarse no mesmo como consecuencia da ocupación ou actividade desenvolvida. Igualmente, unha vez finalizado o período de ocupación, deberá procederse á total retirada das instalacións e aparellos que tivesen ocupado o dominio público con motivo do evento.

13º).- Antes de realizar calquera tipo de actividade, aportaranse por rexistro municipal unha reportaxe fotográfica relativa aos danos detectados na zona de ocupación. Unha vez rematados os actos comprobarase sobre o terreo a situación en que este queda. O arranxo dos posibles danos correrá por conta do titular da autorización.

14º).- Figurará o logotipo do Concello de Vigo en toda a publicidade, merchandaising, carteis etc. que fagan referencia ao evento, debendo de ser este como mínimo de iguais dimensións que o da entidade organizadora e calquera outra empresa ou entidade colaboradora.

15º).- A presente autorización poderá ser modificada, suspendida temporalmente ou revogada en calquera momento polo Concello de Vigo por razóns de interese público.

CONDICIÓNS ESPECÍFICAS (ii) DAS OCUPACIÓNS DE VÍA PÚBLICA POR FESTAS, VERBENAS E CONCERTOS. RÉXIME DE OBRIGAS DO PROMOTOR

1º).- Calquera posto ou mostrador no que comercialicen ou empreguen produtos susceptibles de manchar o firme, deberán protexer todas as superficies ocupadas polo posto con material impermeable e resistente á calor, cun ancho de 1,50 metros a maiores no fronte onde estea o mostrador de servizo ao público.

2º).- Evitarase a colocación de braseiros a ras do chan, agás que se garante suficientemente o illamento térmico do pavimento . Estes elementos deben estar protexidos e fora do alcance do público.

3º).- Os desaugues de auga deberán estar conectados á rede de saneamento.

4º).- Sobre o uso de envases nas festas gastronómicas “As comidas e bebidas serviranse en envases de barro, louza (xerras, cuncas...) ou madeira. Prohíbese expresamente a utilización de materiais plásticos ou metálicos (latas) para tal fin, incluso no que se refire a pratos, garfos, culleres, etc..., así como a o uso de vasos e venda de botellas de cristal para consumo inmediato”. “Por cuestión de hixiene, prohíbese a reutilización de vasos, cuncas, xerras... sendo estes dun so uso, ou de venda o consumidor”.

5º).- En cumprimento da normativa hixiénico sanitaria deben cumprirse os seguintes aspectos: -Disposición de punto de auga potable e vertido á rede de saneamento -Disposición de expositores para produtos “no envasados” que protexan o produto do contacto directo co aire. -Disposición dos elementos necesarios para o mantemento da cadea de frío nos produtos que o requiran.-Venta exclusivamente de produtos que teñan rexistro Sanitario. -O persoal deber ter a acreditación e coñecementos para a manipulación do alimentos (Decreto autonómico 290/2003, de 4 de xuño)-O persoal deberá dispoñer de uniformidade adecuada e gorros para a recollida e protección de cabelo.

6º).- En cumprimento da lei 11/2.010 da prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, nos postos de venda de alcohol deberase colocar un cartel, de forma visible para o público, que advirta da prohibición de venda de alcohol a menores de 18 anos. Este cartel deberá colocarse no lugar no que haxa de dirixirse para adquirirla bebida alcohólica.

7º).- O organizador do evento deberá dispor dun contrato con xestor autorizado pola administración para a recollida de residuos non asimilables a urbanos

8º).- En materia de ruído: -Cumprirase o disposto na Lei 37/03, básica do Estado reguladora da materia de Ruídos a efectos do disposto no seu art. 9.1. -Establecese unha limitación do nivel sonoro durante o período autorizado e que con carácter xeral non poderá superar como nivel de avaliación os **95db (A)** medidos a unha distancia de 5 metros do foco sonoro. Entenderase como foco sonoro o perímetro delimitado polas vías públicas cuxa ocupación é obxecto da presente resolución. **-As distintas atraccións non poderán contar con reclamo sonoro independente de carácter musical, sendo este centralizado e unificado sen superar os límites establecidos**

9º).- Segundo Lei 1/1993 de protección de animais domésticos e salvaxes no seu art. 5.1 prohíbese a utilización de animais en espectáculos, pelexas, festas populares e outras actividades si elo pode ocasionar danos, sufrimentos ou facelos obxecto de tratamento antinatural. No caso excepcional para súa autorización deberase solicitar informe favorable da Area de Medioambiente do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/06/2018 08:10

Páxina 5 de 6

Expediente 101493/210

CSV: 29E354-ACCA88-82B6AA-E2TCP4-AT51YP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

MMC

Á marxe, data e sinatura electrónica do O Enxeñeiro Técnico de Seguridade e Mobilidade e Xefe de Área de Seguridade e Mobilidade

fff

Así o dispoño como Concelleiro Delegado da Área de Seguridade e Mobilidade en virtude da delegación de competencias efectuada por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015, RESOLVO de conformidade co descrito anteriormente.

VIGO, 19 de xuño de 2018

Á marxe, data e sinatura electrónica do
Concelleiro Delegado da Área de Seguridade e Mobilidade



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/06/2018 08:10

Páxina 6 de 6

Expediente 101493/210

CSV: 29E354-ACCA88-82B6AA-E2TCP4-AT51YP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>